

DOMINGO 2 ORDINARIO CICLO B

PRIMEIRA 1 Sam 3, 3b-10. 19

Fala, Señor, que o teu servo escoita

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO PRIMEIRO DE SAMUEL

Samuel xacía deitado no santuario do Señor, onde estaba a arca de Deus.

O Señor chamou por Samuel e este respondeulle: - "Aquí estou". E, coa mesma, foi correndo onda Elí e díxolle: - "Aquí veño, pois chamáchesme". Elí díxolle: - "Eu non te chamei. Volve deitarte". E Samuel foise deitar.

O Señor chamou de segundas por Samuel. Samuel ergueuse e foi onda Elí, dicíndolle: - "Aquí estou, pois chamáchesme". - "Eu non te chamei, meu fillo", dixo el. - "Volve deitarte". Samuel non coñecía aínda o Señor, pois a palabra do Señor non se lle revelara aínda.

O Señor chamou por terceira vez a Samuel, quen se ergueu e foi axiña onda Elí: - "Aquí estou, pois chamáchesme". Entón decatouse Elí de que era o Señor quen chamaba ao rapaz. Elí díxolle a Samuel: - "Vaite deitar, e se te chama, dirás: Fala, Señor, que o teu servo escoita". Samuel marchou e deitouse no seu sitio.

O Señor presentouse, chamando, coma as outras veces: - "¡Samuel, Samuel!" E Samuel dixo: - "Fala: o teu servo escóitate".

Samuel ía crescendo; o Señor estaba con el e non deixou sen cumprimento ningunha palabra súa.

SALMO RESP. Sal 39, 2 e 4ab. 7-8a. 8b-9. 10

R/ (8a e 9a): Aquí veño, Señor, para facer a túa vontade

Esperar, eu espero no Señor:

El vólvese para min e escoita o meu lamento.

Ponme na boca un cantar novo,

louvanza do noso Deus.

Ti non queres sacrificios e ofrendas

-sobre iso abríchesme o oído-,

non pides holocaustos nin vítimas expiatorias.

Entón digo: - "Aquí veño

Facer a túa vontade, meu Deus, é o que eu quero;

a túa lei está no fondo de min mesmo.

Proclamo a túa salvación na asemblea,

non pecho os meus labios: ben o sabes, Señor.

SEGUNDA 1 Cor 6, 13c-15a. 17-20

Os vosos corpos son membros de Cristo

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA
DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS CORINTIOS**

Irmáns e irmás:

O corpo é para o Señor; e o Señor é para o corpo. E Deus, que resucitou xa a Cristo, tamén nos ha resucitar a nós polo seu poder.

Non sabedes que os vosos corpos son membros de Cristo? Pola contra, quen se xunta ao Señor, é un mesmo espírito con El. Ou non sabedes que o voso corpo é templo do Espírito Santo que está en vós, porque o recibistes de Deus e que polo tanto non sodes donos de vós? Porque, en verdade, compróusevos a bo prezo. Glorificade, por tanto, a Deus co voso corpo.

ALELUIA Xn 1, 41. 17b:

Encontramos o Mesías, que é Cristo, por medio del déusenos a graza e a verdade

DOMINGO 2 ORDINARIO CICLO B

EVANXEO Xn 1, 35-42

Viron onde paraba e quedaron con el

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela estaba Xoán con dous dos seus discípulos e, vendo a Xesús que camiñaba, dixo:

- Velaquí o Añño de Deus.

Cando os dous discípulos oíron o que el falara, fóronse detrás de Xesús. Volveuse Xesús e, vendo que eles o seguían, preguntoulles:

- Que buscades?

Eles respondéronlle:

- "Rabbí" (que quere dicir "Mestre"), onde paras?

El díxolles:

- Vide e veredes.

E eles foron e viron onde paraba e quedaron con el aquel día. Era contra as catro da tarde.

Un dos dous que escoitaron a Xoán e seguiron a Xesús era Andrés, o irmán de Simón Pedro. Vai e ao primeiro que atopa é a Simón, o seu propio irmán, e dille:

- Encontramos o Mesías (que quere dicir Cristo).

E levouno onda Xesús. Ao velo, díxolle Xesús:

- Ti es Simón, o fillo de Xoán. Ti haste chamar Kefas (que quere dicir Pedro).